

A Literatura Galega na Idade Moderna



Despois do grande esplendor literario acadado pola poesía dos trovadores durante unha parte da Idade Media (séculos XIII e XIV), a partir do século XV (inicio da Idade Moderna) comezou unha época de decadencia da literatura galega escrita que durou ata o século XIX.


1. O Século XV

Os Primeiros síntomas da decadencia. A escola galego-castelá

Desde o século XV, a literatura galega viuse reducida notablemente. Son poucas as mostras literarias de carácter culto. As causas que motivaron a decadencia da lírica medieval galega foron:

- ➔ A desaparición do mecenado dos reis e dos nobres que protexían os trovadores e xogares da vella escola.
- ➔ A difusión dunha nova poesía de influencia italiana.
- ➔ A consolidación dos estados de Castela e Portugal, que necesitaban fortalecer as súas linguas como medio de autoidentificación.
- ➔ O nacemento da burguesía, que tiña outros gustos literarios e outra concepción da vida.

O proceso de substitución do galego como lingua poética polo castelán desenvolveuse de xeito gradual. Os cancioneiros que recollen as composicións deste período (**o Cancioneiro de Baena**, da segunda metade do século XIV e comezos do XV) fanse fóra de Galicia e recollen composicións en galego e en castelán. Neles nótase unha importante contaminación idiomática, por veces cun galego inzado de castelanismos.



1º folio do Cancioneiro de Baena

2. Os Séculos XVI e XVII

Durante os séculos XVI, XVII e XVIII, contamos cunhas mostras literarias, ben dalgún espontáneo anónimo, ben de autor coñecido e cultas. As pezas literarias conservadas podémolas clasificar nos seguintes grupos:

- ✓ A poesía popular e tradicional
- ✓ A poesía culta e erudita
- ✓ Os vilancicos
- ✓ A narrativa
- ✓ O teatro



1. A poesía popular e tradicional

A poesía culta en galego desapareceu cos últimos trobadores, pero existiu unha tradición oral de poesía popular que continuaba a da mesma cantiga de amigo. Este tipo de poesía podémola clasificar en dous grandes grupos:

a) Poesía anónima tradicional. Está formada polas seguintes manifestacións literarias:

- Un grupo de vinte cancionciñas paralelísticas semellantes ás da escola trobadoresca galego-portuguesa, recollidas nos cancioneiros musicais da época. Este tipo de cancións lembran a cantiga de amigo, aínda que nelas a voz non é a da moza senón a do propio poeta.



Perdido polos meus ollos
non teño vida con eles
nen poso viver sen eles.

- Un conxunto máis amplo de cantigas de temática diversa. Son as cantigas de berce, de romaría, dos traballos agrícolas (a sega, a vendima...), de cego para pedir esmola...

Durme, meu meniño, durme,
durme si queres durmir
túa nai vaiche na leña
e teu pai logo ha de vir...

I este éch'o son da sega l
i este éch' o son de segar
i este éch' o son que cantan
as nenas do meu lugar...

b) Poesía anónima de circunstancias. Son composicións en forma de romance ou coplas populares, feitas por algún poeta anónimo sobre determinados acontecementos históricos e sociais (mortes, guerras...) que causaron unha forte impresión na sociedade do momento. Destacan, entre outras, as que narran os seguintes feitos:

- A morte do Mariscal Pedro Pardo de Cella. A composición que trata este feito titúlase «O pranto da Frouseira». Consta dunhas sinxelas estrofas de catro versos octosílabos cada unha, onde «A Frouseira» (nome do castelo do Mariscal) chora a morte do seu dono.

...De min, a triste Frouseira,
que por treición foi vendida
derrubada na ribeira,
que xamais se veu vencida...





- O saqueo de Cangas polos turcos. Deste acontecemento hai un relato poético que reflicte a crueldade dos piratas turcos na destrución da vila de Cangas do Morrazo no ano 1617, que causou, aproximadamente, a morte de cen veciños e a catividade doutros douscentos.

Viñeron os mouros arrenegados
alá de moi lonxe, lonxe, lonxe...
Todo arrasaron, e estaba el
alá moi lonxe, lonxe, lonxe.

2. A poesía culta e erudita

Ademais do importante corpus de literatura popular de transmisión oral que acabamos de ver, é tamén dun grande interese para nós aquela literatura de autor, produto dunha elaboración coidada e pensada para ser lida. Esta poesía galega erudita e académica, conformada por un grupo de sonetos de boa factura literaria, posúe ademais un elevado valor lingüístico e filolóxico.

As mostras conservadas agrúpanse en poesía renacentista e poesía barroca:

a) Poesía renacentista. Inclúense nela un soneto do século XVI:

- Isabel de Castro e Andrade, Condesa de Altamira (1520-1582) é a autora dunha colección de apreciables versos en galego. Sen embargo, de todos eles, só chegou a nós un soneto dedicado ao poeta castelán Alonso de Ercilla, autor de *La Araucana*. O poema debeu ser composto arredor de 1578, ano en que foi editada a 2.ª parte de *La Araucana*. O texto comeza deste xeito:

Araucana nación, máis venturosa,...



Muller. Século XVI

b) Poesía barroca. Conservamos desta poesía tres mostras literarias de temática e forma ben diferentes. Son as seguintes:



Margarida de Austria.
1584-1611

- *Exequias da raíña Margarida*. Xoán Gómez Tonel (fins do século XVI-comezos do XVII), funcionario da Real Audiencia do Reino de Galicia, foi o coordinador e coautor do libro, publicado en 1612.

O libro contén, entre outras composicións, dous sonetos galegos na honra da raíña e esposa de Felipe III Margarida, morta en 1611. Un é da autoría do propio Gómez Tonel e o outro de Pedro Vázquez de Neira.

O de Gómez Tonel chámase «*Soneto con falda*» e foi composto en 1611. Rematan o soneto un grupo de 8 versos de 7 e 11 síla-bas. O de Vázquez de Neira titúlase «*Respice Finem*» que significa «*Aproveita ben a fugacidade da vida*».

Os dous sonetos destacan pola abundancia de substantivos no seu remate.


...o mundo Reina; o Rei, súa Margarida;
a Fe, colúa; a virtude, exemplo:
a pedra (cuio engaste foi) España.
Chore a nosa montaña,
do gando, leite e novidade espida,
semellando a abellas no exemplo:
Que se a súa Margarida,
Reina, precio, colúa, pedra, templo,
perden Rei, Mundo, Fe, Virtude, España...
tu, que tal perda viche,
Oh, magoadá Galicia! Que perdiche?

• *Décimas ao apóstolo Santiago*. O crego Martín Torrado (fins do século XVI-1652) compuxo unhas décimas moi graciosas, cheas dun humor irónico do máis puro estilo popular.

O motivo que inspirou ó autor fol a pretensión, a partir de 1617, de declarar a Santa Teresa copatroa de España, xunto a Santiago Apóstolo. O autor declárase oposto a esta idea e mesmo lle parece ridícula e anticatólica por considerar o copadroados dos dous santos coma un matrimonio entre crego e freira.



[...] Eu, meu santo, oín agora
ao crego desta maneira:
que vos dan por compañeira
unha santa, gran doutora [...]



• *Composicións das Festas Minervais*. Dende o ano 1536 a universidade compostelá convocaba na honra do que fora arcebispo de Santiago, D. Alonso de Fonseca, O Grande, uns certames académico-literarios chamados Festas Minervais. A estes concursos presentaban as súas composicións poetas de moi diversos lugares na busca dalgún premio.

De todos estes certames, unicamente conservamos as composicións participantes do ano 1697, xa que foron publicadas no libro «Fiestas Minervales y Aclamación perpetua de las Musas a la inmortal memoria de D. Alonso de Fonseca, El Grande. Santiago, por Antonio Frayz. Año 1697».

Son nove romances de oitenta versos cada un que, se ben presentan escaso valor literario, son moi importantes para o estudo do galego desta época.

3. O vilancico



Unhas das mostras literarias da época que acadaron máis desenvolvemento en Galicia foron os vilancicos. Trátase de composicións relixiosas relativas ao Nadal (nacemento do neno Xesús, adoración dos pastores, dos Reis...) nas que se combinan elementos populares con elementos cultos de procedencia eclesiástica.

Este importante desenvolvemento do vilancico vén dado pola sistemática identificación con Galicia do misterio de Nadal:

- ➔ lugar tradicional do nacemento de Xesús (pobre e atrasado) -> Galicia (pobre, rural e atrasada).
- ➔ Semellanza fonética de vocábulos dos dous lugares: Galilea -> Galicia; Oriente —> Ourense...
- ➔ Belén -> Santiago, (dous importantes centros de peregrinacións).
- ➔ Gran difusión en Galicia dos nomes Manuel e María, nomes de Deus e da Virxe.

Estes vilancicos tiveron ademais unha sorprendente difusión por toda a península Ibérica. De feito, un bo número de músicos (mestres) de capela eran galegos e moitos vilancicos foron atopados en diferentes igrexas, pazos e catedrais de Coímbra, Lisboa, Toledo, Sevilla... durante o período que vai do século XVII ao XIX.

Aínda que a maior parte destes vilancicos son anónimos, tamén hai algúns autores que destacaron como creadores dos mesmos.

4. A narrativa

A narrativa de tradición oral constitúe, xunto coa poesía, o xénero fundamental da literatura popular oral, tan rica e abundante en Galicia nestes e noutros séculos.

Trátase de creacións colectivas que teñen unha orixe moi antiga, pero que se desenvolveron e se conservaron durante moitos séculos.

Esta abundante narrativa de tradición oral adoita dividirse en **lendas** e **contos**.

Ademais da mencionada narrativa oral popular, cultivouse a literatura de cordel, de carácter doutrinal e divulgativo, que ía dirixida directamente aos oíntes e presentaba algún consello. Mostra desta literatura é *Relación da carta executoria*, de comezos do século XVI. Este relato trata sobre a persoa do Mariscal Pardo de Cella e destaca pola súa sinxeleza formal e de contido.



5. O teatro

Podemos supoñer, dada a situación xeral de Galicia na Idade Media e a súa estreita conexión co contorno cultural europeo, que a existencia dun teatro medieval galego, semellante ás doutras literaturas, foi unha realidade.

Unha das manifestacións deste teatro é o de *carácter litúrxico* que versaría sobre as vidas de Cristo e María, sobre determinadas escenas bíblicas...

Recreación dos labregos de Marcón. Entroido.



Outro grupo de manifestacións teatrais proceden dunha tradición para-teatral popular baixo a forma folclórica do entroido, dos diálogos de Nadal e actos ou representacións variadas máis ou menos dialogados, que se transmitiron de xeración en xeración.

Nos séculos XVI e XVII, o teatro en galego decaeu igual cós outros xéneros. As celebracións e festas populares onde podería haber algunha peza deste tipo (Corpus, Nadal...) realizábanse en castelán e había pouco sitio para a nosa lingua. Só os Vilancicos de Nadal e Reis mantiveron unha tradición que se vai esquecendo.

A única mostra de literatura dramática que conservamos deste período data de finais do século XVII. É unha obriña composta de 433 versos repartidos en nove escenas, escrita polo licenciado Gabriel Feixoo de Araúxo no ano 1671, actualmente coñecida co nome de *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*. Foi descuberta por F. Bouza Brey na Biblioteca Nacional de Madrid e publicada no ano 1953. Trata un asunto real, o enfrontamento entre galegos e portugueses sobre a pesca no río Miño, debido a que os segundos non respectan as normas que controlan a veda de troitas no río. Despois de varias liortas, os contrincantes fan as paces e todo acaba ben, mesmo coa celebración dunha festa.



3. O Século XVIII



O século XVIII é o chamado da Ilustración. Un movemento que se desenvolveu en Europa e América ao longo do século XVIII, tamén chamado *século das luces* e que tiña como primeiro obxectivo achegar a cultura ao pobo. Os pensadores da Ilustración apoiábanse na forza e na eficacia da razón para conseguir as reformas sociais necesarias, as cales terían que chegar a través da formación dos cidadáns e do estudo e resolución dos problemas que afectaban a cada país. Os temas a que prestaron unha maior atención os ilustrados galegos foron a economía, a lingua, a cultura e a historia de Galicia.

Estes homes, na súa maioría relixiosos, foron sentando as bases para o Rexurdimento literario que se ía producir no século XIX.

Entre o conxunto de persoeiros ilustrados son de destacar os seguintes:

a) Frei Bieito Xerónimo Feixoo (1676-1764). Natural de Casdemiro (Ourense) e de familia nobre galega, estudou letras por indicación de seus pais a pesar de ser o primoxénito, circunstancia singular dado o desprestixio do estudo no século XVII.

O Padre Feixoo tentou ofrecer a máis completa información e comentario de todo o que producía certa curiosidade dentro do mundo da cultura ou da vida diaria, introducindo ideas novas ou tratando de desbotar erros e supersticións. A súa obra pódese caracterizar como pedagóxica, divulgativa e enciclopédica.

É de destacar na mesma o estudio sobre a lingua e a realidade galegas. Precisamente neste apartado dignifica o galego, afirmando que non é ningún dialecto, senón unha lingua irmá do portugués, do castelán, do francés... produto dunha evolución do latín e, polo tanto, unha lingua románica.



b) Frei Martín Sarmiento (1695-1772) preocupouse pola promoción social e económica de Galicia e pola defensa da súa cultura e da súa lingua. Respecto á lingua, sorprenden as súas reflexións críticas sobre cuestións aínda hoxe de actualidade:

- Ensino do galego e ensino en galego.
- Obrigatoriedade de que os funcionarios públicos e o clero coñezan a lingua de Galicia.
- Necesidade de acabar coa minusvaloración do seu idioma que senten moitos galego-falantes.
- Elaboración dun estándar culto galego.

Escrebiu o Coloquio de 24 rústicos, conxunto de 1.201 coplas ao estilo popular, que parecen recollidas de boca da xente e que el atribuíu a un personaxe real, o Tío Marcos da Portela, un aldeán pícaro e gracioso. É obra de escaso interese literario, pero grande riqueza léxica.

c) Diego Antonio Cernadas e Castro, o «cura de Fruíme» (1702-1777), foi un poeta moi popular no seu tempo. Escrebiu en prosa e verso, en castelán e en galego. Na súas obras, ademais da constante loanza de Galicia e do mundo rural, combate a mala imaxe e os insultos de que era obxecto a nosa terra.

